

10ª CARREIRA PEDESTRE DE RIBADAVIA

REGULAMENTO XERAL

O Concello de Ribadavia e a Federación Galega de Atletismo organiza o domingo 14 de Decembro de 2025 **“10ª CARREIRA PEDESTRE DE RIBADAVIA ”**

SAIDA E META

A saída e meta, para todas as categorías sera na Praza Maior.

HORARIOS E PERCORRIDO

HORARIO SAÍDA	CATEGORIAS	CIRCUITO	DISTANCIA(*)	Nº DE VOLTAS
ABSOLUTA 11:00 HORAS	ABSOLUTA	A	10 KM.	1
	MASTER D	A	10 KM.	1
	MASTER C	A	10 KM.	1
	MASTER B	A	10 KM.	1
	MASTER A	A	10 KM.	1
	SENIOR	A	10 KM.	1
	SUB23	A	10 KM.	1
	SUB20	A	10 KM.	1
	SUB18	A	10 KM.	1
11:05 HORAS	SUB16	B	700 M.	3
	SUB14	B	700 M.	2
	SUB12-SUB10	B	700 M.	1
12:20 HORAS	SUB-8	C	100 M.	A.Meruendano,Praza Maior
12:25 HORAS	BIBERONS	C	50 M.	R.G. Penedo,Praza Maior

(*) *Distancia aproximada*

CIRCUITO A: Praza Maior, Rua Garcia Penedo, Rua Alcalde Meruendano, Rua Progreso, Rua Ribeiro, Rua do Carballiño, Rua Muñoz Calero,Baixada ao Xestal, Camiño San Cristovo (Baixo Autovia), Area Recreativa A Veronza (Carril bici), Rua Veronza, Camiño do Rio(senda peonil Avia/Miño), Rua da Aldea, Rua das Laxas, Ramal, Estrada Francelos, Rua San Lazaro, Rua Progreso, Rua Extramuros,Porta nova de abaixo, Praza Magdalena,Rua Merelles Caula, Rodriguez Moure, San Xoan,Rua Yañez, Rua Garcia Penedo,Praza Maior.

CIRCUITO B: Praza Maior, Rua García Penedo, Rua Alcalde Meruendano, Rua Progreso, Rua Extramuros, Rua Porta Nova de abaixo, Praza da Magdalena, Rua Merelles Caula, Rodriguez Moure, San Xoan,Rua Yañez, Rua Garcia Penedo,Praza Maior.

CIRCUITO C: Rua Alcalde Meruendano, Rua Garcia Penedo, Praza Maior.

CATEGORÍAS

	CATEGORIAS	IDADE/anos	NADOS
ABSOLUTA	MASTER D	+ DE 65 anos	ANOS CUMPRIDOS O DÍA DA PROBA
	MASTER C	DE 55 A 64	ANOS CUMPRIDOS O DÍA DA PROBA
	MASTER B	DE 45 A 54	ANOS CUMPRIDOS O DÍA DA PROBA
	MASTER A	DE 35 A 44	ANOS CUMPRIDOS O DÍA DA PROBA
	SENIOR		Nados/as desde 2002 ata master
	SUB 23		Nados/as en 2003, 2004 e 2005
	SUB20		Nados/as en 2006 e 2007
	SUB18		Nados/as en 2008 e 2009
BASE	SUB16		Nados/as en 2010 e 2011
	SUB14		Nados/as en 2012 e 2013
	SUB12		Nados/as en 2014 e 2015
	SUB10		Nados/as en 2016 e 2017
	SUB8		Nados/as en 2018 e 2019
	BIBERONS		Nados en 2020 e posteriores

RECOLLIDA DE DORSAIS

- O Domingo 14 de Decembro 2025, ata 30:00 minutos antes da saída de cada categoría na secretaría de competición (Fronte ao concello de Ribadavia/Praza Maior, 4).

CONTROL TECNICO DA CARREIRA:

- A carreira estará baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo** e do **Comité Galego de Xuíces**.

SISTEMA DE CRONOMETRAXE

- A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip-dorsal. Habará puntos de control ao longo do percorrido. Os atletas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control establecidos serán descalificadas, coa consecuente eliminación dos resultados finais oficiais.

INSCRICIÓN E PRAZOS

- As categorías participantes na proba absoluta (excepto categoría SUB18) ten un custe de 7 €.
- Todos os inscritos na carreira de adultos terán un obsequio recordo da proba.
- As categorías base e xuvenil : a inscrición e de balde .
- A inscrición para todas as categorías será ata as 23'59 horas do 11 de Decembro en www.carreiragalegas.es

NORMAS DA COMPETICIÓN

A proba estará controlada e sinalizada en todo momento.

Os corredores deberán respectar as seguintes indicacións:

- Os corredores levarán en todo intre o dorsal ben visible na zona do **peito** para a súa identificación, sen enrugar e cos patrocinadores da proba ben visibles.
- Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados cada kilómetro.
- O control de chegada, da carreira absoluta, pechará as 12:15 h.
- A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo do percorrido.

SERVIZOS

- Vestiarios e duchas: **CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO** (Rúa Baixada ao Concello, 37).
- Os resultados serán expostos ó remate da proba na web www.carreirasgalegas.es

PREMIOS E AGASALLOS

- A entrega de premios de todas as categorías será as 12:45 horas na Praza Maior ao carón do Concello.
- Recibirán premio os tres primeiros clasificados masculinos e femininos Absolutos de cada categoría.
- Nas categorías SUB10, SUB 8 e Biberons recibirán un premio a todos os participantes.
- **Premio Local:** 1º e 1ª atleta clasificad@ do Concello de Ribadavia na carreira absoluta.
- **AGASALLOS** : Os participantes de todas as categorías recibirán unha camiseta conmemorativa do evento asemade os participantes absolutos recibirán unha botella de viño da D.O Ribeiro.

UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS

- As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas externas.
- Non está permitido o acompañamento en carreira por parte de ningún vehículo alieo á organización, bicicleta, patíns ou persoas non inscritas na carreira que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ás persoas participantes. Así mesmo non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, animais, nin correr acompañados destes en ningún intre.

RECLAMACIÓNS

- Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

DESCALIFICACIÓNS

- Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.
- Os xuíces da proba terán a facultade de descalificar o/a infractor que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas Normas Xerais da Federación Galega de Atletismo.
- As persoas corredoras descalificadas non terán opción aos premios e trofeos.

RESPONSABILIDADE

- A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo a organización da devandita responsabilidade.
- A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

- Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados por FG Atletismo e o Concello de Ribadavia para comunicacións sobre as súas actividades e publicación de reportaxes sobre a proba.

COMPROMISO

- A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

CAMBIO NO REGULAMENTO

- A organización resérvase o dereito de realizar cambios no presente regulamento se así o considerase comunicando a través da web: www.deportesribadavia.es – www.carreirasgalegas.com e na información aos participantes.

CONSIDERACIÓN FINAL

- Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase, por esta orde, polas normas Xerais da WA, Real Federación Española de Atletismo e Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.